



Rogos e preguntas do Pleno de xullo de 2020

Rogos formulados por Dona María Elena Estévez Freire.

1. Reitera que se remita as respostas por escrito do pleno de Maio e que responderon en Xuño, pide tamén copia das respostas dadas hoxe. Di que xeralmente o alcalde entrega copia en papel das respostas.

Preguntas formuladas por Dona María Elena Estévez Freire.

1. **A policía local presentou escritos solicitando melloras dos equipamentos e non se lles dá contestación, cales son os motivos de non responder?**

En primeiro lugar indicar que si se trata dos escritos presentados por algúns axentes en relación ao estado dos equipos de comunicación deste servizo municipal, indicar que ao igual que outras cuestións relativas á Policía Local, a xestión, consulta e resolución de calquera cuestión trátase co axente ao mando, o cabo xefe Benito Pousa, co cal levan tendo un contacto intenso tanto o Alcalde coma o Concelleiro de Innovación e Desenvolvemento Tecnolóxico para poder contar este corpo cuns novos equipos de comunicación dixitais que substitúan aos que teñen actualmente. Tras estudar diferentes ofertas por parte do goberno das presentadas por varias empresas, xa se asinaron as correspondentes retencións de crédito para poder levar a cabo a adquisición do material necesario unha vez se aprobou o orzamento deste 2020. Esta pendente de que se leve a cabo a chegada do material unha vez feitos os trámites polo cabo-xefe antes de coller o seu período vacacional.

2. **En relación as quendas de traballo da policía local, polas noites so hai un policía local e un auxiliar? Que vai facer coa OEP? Ides convocar as prazas vacantes?**

A Policía Local leva a cabo o seu traballo de xeito organizado a través do cabo-xefe, que ante o feito de contar cun servizo de 24 horas establece unha organización do traballo que permite exercer a súa función pública de xeito satisfactorio. Como ben sabe a Sr. concelleira, nos últimos meses este Concello conta xa co persoal encargado de cubrir esas vacantes, atopándose nestes momentos na necesaria fase de formación na Academia Galega de Seguridade, o que inclúe que se cubra o seu salario sen que poidan estar as horas que lle corresponderían por xornada laboral habitual. Coa responsabilidade de prestar un servizo público esencial desde o corpo policial destinan ás persoas auxiliares ademais de facer horas extra para seguir ofrecendo o mellor servizo posible nas tres quendas diarias.

3. **Respecto á nova asociación de Beluso xa rexistrada na comunidade autónoma e que presentaron petición de rexistro no concello antes do confinamento e do que aínda non obtiveron resposta, traslada o seu malestar porque neste derradeiro mes se dirixiu a concellería de cultura e non obtivo resposta.**



BUEU

O concelleiro Xosé Leal, como responsable entre outras áreas de Cultura, Mobilidade e Resíduos recibiu do representante da asociación Asbel, Marcos Torres varios escritos (algún correo electrónico tamén) sobre recollida de lixo, que foi comunicada á empresa responsable que subsanou o citado problema con data 25/06. Con data 9/07 solicitan reunión co Alcalde e co que eles denominan no seu escrito “responsable de asociacións” Xosé Leal para presentarse como colectivo. Non sendo posible esta xuntanza por mor da propia dinámica do verán e das propias limitacións por mor do Covid-19, sen que isto non conleve que se faga efectiva ao longo deste mes de setembro, no caso de Xosé Leal trataranse as cuestións como responsable de Cultura e no caso das cuestións referidas a súa condición de asociación veciñal a xuntanza contará tamén co vicealcalde e responsable de Veciñanza Julio Villanueva. Indicar que tras a aprobación do Regulamento de Participación Cidadá estase con toda a tramitación precisa para activar os diferentes consellos que se marcan e nos que a citada asociación terá a posibilidade de participar de xeito activo. A maiores presentaron outro escrito con data 24/07 (remitido desde rexistro a Alcaldía e ao responsable de Mobilidade) que ao tratarse dun tema de bacheo xa foi tratado entre o Alcalde e os técnicos municipais para poder actuarse sobre o mesmo nos vindeiros días dentro dunha actuación xa planificada para levarse a cabo por diferentes lugares da vila.

4. Respecto ás bancadas e postos vacantes, cando se van a cubrir?, está previsto convocar procedemento para adxudicalos?

Neste momento e coa carga actual que soporta o aparato administrativo do Concello non é unha prioridade volver convocar o procedemento de adxudicación xa que se fixo un non hai moito tempo.

5. Hai meses preguntou por dous edificios de Massó que na súa fachada que da a rúa Montero Ríos está en mal estado, o alcalde respondeu que xa había orde de execución ao respecto, pero a súa situación actual é a mesma, o goberno ten previsto algunha actuación obrigando a empezar a facer algo?

Representantes da empresa propietaria pasaron recentemente polo Concello para preguntar polo procedemento axeitado para proceder a súa reparación toda vez que é un inmovible catalogado.

Rogos formulados por Don Jesús Ángel Rodríguez Piedras.

Di que as praias están abandonadas, hai plásticos, botellas e lixo de todo tipo, di que os cuartos de baño se dixo que estarían pechados pero en Bon hai un aberto, as duchas non teñen carteis informativos.

Preguntas formuladas por Don Jesús Ángel Rodríguez Piedras.

- 1. Con respecto ao balizamento, di que en Lapamán están os barcos pegados a area, di que en seguridade e prevención as praias dan pena, se van a balizar as**



BUEU

praias?, o servizo de socorrismo cando empeza?. Non se cumpren nin un mínimo as normas.

O 9 de xullo rematouse de facer o balizamento das praias que contaron con este servizo, ao igual que os socorristas que levan operativos nas praias de Bandeira Azul desde o 07 de xullo e cunha duración do contrato de 3 meses co cal se cumpriu con total suficiencia co que indicou Adeac na súa normativa específica.

2. Di que o centro de interpretación de Agrelo está en mal estado, se plantexou algunha actividade nela?

Este verán por mor do Covid-19 non eran moi recomendables as actividades en interior nos diferentes centros de interpretación, aínda así estaba previsto ter unha actividade en agosto relacionado cunhas xornadas do polbo na Aula de Agrelo que finalmente foi desbotada pola situación derivada da pandemia do Covid-19.

Preguntas formuladas por Dona María del Carmen Núñez Rey.

1. No pleno ordinario de Marzo fixo unha pregunta sobre a máquina de xeo da praza de abastos, se lle contestou que estaba arranxada, que arranxouse durante a pandemia, mentiron?

Remarcalle á señora Martínez Núñez que o Alcalde non mentía cando lle fixo a anterior afirmación en pleno. O Concello levou a cabo o arranxo da máquina de xeo a comezos deste ano 2020. A comezos de verán estropeouse co rachado do rotor, ante o cal a asociación de praceiras indicou que podía contar cunha subvención da mesma para efectuar esa nova reparación polo que se accedeu á solicitude da mesma. Ademais hai uns días levouse a cabo unha nova reparación na praza dándose solución a unha fuga de gas da cámara frigorífica. A seguinte pregunta xa lle queda respostada con todo o anterior.

2. Cando van a arranxar a máquina de xeo?, porque as pescantinas teñen que ir á lonxa.

3. Por que hai que contratar unha empresa privada para arranxo de xardíns? Van estar 1 mes ou máis?

A contratación para levar a cabo labores de xardinería durante os meses de verán obedeceu á falta de persoal durante ese momento pola vacacións do capataz, existindo ademais o condicionante que a chegada do persoal de emprego da Deputación de Pontevedra – que este ano entrou ademais con retraso por mor do confinamento- tivo lugar para facer unha serie de proxectos de novos axardinamentos en lugar do mantemento dos xa existentes. Contouse cunha asociación de ámbito provincial que aposta pola integración das persoas con diversidade -e na que por suposto teñen cabida mulleres e homes da nosa vila- ademais de encargárselle unha serie de traballos cunha empresa co que supuxo para a reactivación económica nunha época de grandes dificultades para o emprego por mor do Covid-19. Nestes momentos é imposible contratar persoal pola limitación e impedimentos traballos nos diferentes servizos municipais.



BUEU

4. En relación ao estaleiro de Purro, limpouse por dentro e o entaboado está en mal estado, di que non hai papeleiras en todo o paseo.

Tal como se responderá nunha pregunta presentada a posteriori, e máis aínda tal como sabe esta concelleira pois estivo informándose a través da propia empresa que levou a cabo os traballos durante o desenvolvemento dos mesmos, levouse a cabo unha reparación das táboas que se atopaban en peor estado. En canto ao das papeleiras indicar que unha vez o persoal da brigada remata nos traballos previstos para o comezo do curso escolar, adicaranse a colocar diverso material que existe xa na nave municipal e que quedou pendente de colocarse por mor do confinamento.

Preguntas formuladas por Dona Isolina Villanueva Reboiras.

1. En relación ao cambio de compañía eléctrica, de que vale aforrar en consumo e ter medio pobo a escuras?

O Sr. Villanueva González clarexa que cambiouse o contrato do alumeadado público por aforro de cartos e porque non había formalizado o correspondente contrato, di que non sabe porque hai treitos sen luz, que o consumo se cambiou de contrato libre a contrato coa FEGAMP por aforro.

Rogos formulados por Dona María Blanco Blanco.

1. Con respecto a limpeza e reposición de contedores traslada as queixas dos veciños e considera que a recollida do lixo nos contenedores debe ser máis frecuentes e pide o arranxo das palancas dos contedores.

Preguntas formuladas por Dona María Blanco Blanco.

1. Sobre o acceso a Lapamán, Tulla, Area de Bon, di que hai problemas de atascos polos aparcadoiros a ambos lados, podería facerse un circuíto como noutros concellos?

Indicarlle á Sra. Blanco que a praia de Area de Bon xa conta cun circuíto durante a temporada estival para que non haxa problemas coa circulación dos vehículos co acceso ás praias ou as primeiras e segundas vivendas existentes nesa zona. No caso de Tulla indicarlle que o Concello levou a cabo un acceso provisional para a circulación de vehículos na saída da praia cara a zona de Cabalo. Indicarlle que outra praia como Lapamán ten máis problemas para levar a cabo esa cuestión no vial titularidade da Deputación de Pontevedra. Neste momento haberá que valorar tamén a situación unha vez rematen as obras que leva a cabo a Xunta de Galiza, na busca de fórmulas que permitan unha mobilidade máis amable en dirección a este areal que cada vez acolle a máis xente.

2. Di que a obra da rúa A Pedra xa se recibiu pero os detalles e acabados chaman a atención, pide que se reciban as obras coa calidade coa que se está aboando a



BUEU

obra, di que tería que haber baldosas fototáctiles na zona de paso de peóns e non as hai.

O Concello de Bueu conta cunha ordenanza específica para o uso e goce das praias aprobada no ano 2012 e que se refire en exclusiva aos areais de todo o termo municipal. Conta ademais desde o ano 1996 cunha serie de ordenanzas en materia ambiental que actúan sobre elementos como a limpeza pública, os verquidos residuais e de orixe doméstica e sobre os límites de ruídos. Ademais o lugar ao que vostede fai referencia pertenza á Rede Natura 2000, uns espazos que contan cunha serie de normativas de rango superior ao municipal por tratarse de espazos con recoñecementos de carácter europeo e que teñen plans de protección e posta en valor.

3. Na zona de Estacada, hai restos de cascallos e refugallos e restos de fresado de obra, onde se leva esa terra e restos de obra? Vai quedar aí?

Os refugallos de obra que se xeneraron por mor da obra da rúa da Pedra xa foron trasladados e tratados pola empresa contratista Covsa. No caso da terra que foi recollida da parcela adicada a aparcadoiro está a ser empregada polo propio Concello e a veciñanza que o solicita para usos de cultivos e xardinería. En todo caso a Policía Local esta vixiante por se algún particular deposita nese entorno cascallos dalgunha obra privada.